

Señor Alcalde, Señor Director xeral de xuventude e solidariedade, amigas e amigos.

Convocámonos na Cidade de Pontevedra, compartindo a lentitude transeúnte do río Lérez, os seus segredos silencios, e arrolados polas cantigas de Paio Gomez Chariño, que relín en Cunqueiro nestes días, pois algo de facer maxia coas palabras e coas imaxes ten este simposio sobre literatura e cinema.

Vimos galegos e portugueses a Pontevedra na convición de que todas as formas de expresión se alimentan mutuamente, fan entre si un tecido de relacións de creación, intercomunican o saber, rompen barreiras que son máis formais que reais, e que foron froito dos máis diversos prexuízos ao longo da historia.

Hoxe relacionamos literatura e cinema como dúas das máis riquezas e diversas formas de creación, tendemos pontes para que emerxa a súa mesma vertente nutricia e borrar como coa man na area os seus límites, para que non existan fronteiras entre elas.

Letras na raia é unha metáfora da *non fronteira* e ao mesmo tempo un xeito de nomear pola xente nosa o feito de que non hai fronteiras humanas, culturais, entre Portugal e a Galiza, e sérvenos tamén como anuncio de que a literatura e cinema só as separa unha liña invisíbel que pode ser transgredida, cando non camiñada, coa necesaria normalidade.

Conflúen este ano en Letras na Raia cinema e literatura, galega e da lusofonía ou a galeguía, e nelas faremos un percorrido das mutuas relacións. Falaremos da dupla escrita: escrita para ver, escrita para ler. Falaremos da literatura no cinema: adaptadores e adaptado, pois ler un libro de xeito distinto a como quixera un autor é beneficioso -dinos Auden- e así fai o guionista ou o director, ler doutro xeito os textos escritos.

Cada tempo xeracional, como espazo temporal no que somos fillos dunha determinada sociedade, culturalmente definida e en evolución, ten a súa especial relación coa fotografía, co cinema e mesmo coa televisión.

A miña xeración é filla do cinema, que deixa a fotografía na súa soidade creadora. Chegamos ao cinema cando xa levaba un longo e sólido percorrido, cando xa era algo máis que as imaxes fotográficas que, suxeridoras, pararon o transcórren do tempo fixando o acontecer humano no seu instante de eternidade.

Para a miña xeración o cinema foi capaz de ser alimento, vehículo de ideas, instrumento de ideas para construír unha obra persoal apoiándose no que xa era obra de arte que camiñaba e camiña no gume da realidade obxectiva e da realidade subxectiva: permitídemme que lle renda o meu persoal tributo a Pasolini.

Este novo medio de expresión ten relacións de vello coa literatura.

Para a xeración dos novos creadores, que agardo tamén siga a ser a miña - como Antón Avilés, que me dicía que el sempre era da xeración que se estaba a

formar no momento-, para os novos, digo, hai unha nova percepción do cinema e dos medios audiovisuais (nome que ás veces de tan amplo para min é indefinido e eu gosto máis de que cada arte teña o seu nome propio).

Filósofos e escritores reflexionan sobre as novas formas de creación que nascen e sobre outras que deixan o discurso non actual e que hai que pór ao día. Dalgún xeito, esta é a nosa intención nestas xornadas, falar de vellos e novos instrumentos de creación.

Este é un simposio para os creadores máis novos e, desde logo, non só na idade é polo que nos aproximamos a outros formatos do visual: aos medios e linguaxes diferentes do cinema convencional que é co que traballarán no futuro os nosos novos creadores e cos que xa traballan tamén os que son novos por ser anovadores.